

O IRMANDINO

PERIÓDICO GALEGO

ANO I

Dirección y Administración:

PIEDRAS, 411.

Montevideo, Outubro de 1934.

Núm. 1

Teñámos fe no porvir

A IRMANDADE GALEGUISTA DO URUGUAY xurdiu a vida activa da colectividade "pra despertar na conciencia de todol-os galegos "a noción da personalidade de Galiza, como unidade natural de raza, "linguaxe, historia, xeografía e espírito propios". Veleiquí pois, sintetizado en poucas liñas o lugar d'arranque da súa laboura; a pedra fundamental da súa contestura orgánica; a fonte ideolóxica das súas arelas. Escomezada a loita con tan sans postulados, o pouco tempo de vida xa está afianzado a personalidade d'esta entidade.

Eisí tiña que ser, e eisí é. Darse presa a cumplil-o ideario forzado, é o que se impon. Non basta crear; hai que traballar de cotío, con forte afínco pra que a obra creada encha a finalidade buscada, e xustifique o seu nacemento.

Aparés eisí, esta folla, que ha de ser o porta-voz da idealidade da IRMANDADE, pra ciscal-a por todol-os corrunchos do mundo, n'este despertar de galeguidade; n'este vislumar d'emancipación do pobo galego.

O recen nado levará o nome que herdou dos xestores das rebelións galegas. — Chamarás: O IRMANDINO, O IRMANDINO ven de IRMANDADE; irmans de Galiza.

Fron os primeiros IRMANDINOS, aqueles heroes lexendarios que aló pol-o século XIV, erguéronse en loita contra a teocracia asoballante; contr-os señores feudales, donos de vidas e facendas, que tiñan de cote a soga e o coitelo ameazando o pescozo do pobo escravizado e aldraxado.

Foi en Ferrol o primeiro erguimento. Irmandino, dirixido por Ruy Sordo, contra o mais feró feudalista, Nuño Freire de Andrade, "O MAO". Axiña erguéronse outros pobos lindeiros; e o pouco tempo, as forzas Irmandinas eran verdadeiramente imponentes. Os ciervos da ribeira, do agro e da montana enrolábanse nas fías de Ruy Sordo pra se libertar en d'escravitude. Aqueles guerreiros, armados de chuzos longos e fouce, trocaban a catividade das armas pol-a coraxe e vaentía con que as empregaban, e por onde pasaban botaban abaixo canto castelo feudal alcontraban. Anos despois, constituíuse outra Irmandade, que pode decirse que se xestou nas cinzas da primeira, que tivo por cabezoleiros a Pedro Osorio, Alonso de Lanzós e Diego de Lemos. Esta Irmandade de xeito da nomeada dinantes, deu tamen por terra con feudos e castelos, que de cotío a solagaban o solar galego, e sementaban o desacougo por todol-os costelos.

Apares eisí, sintetizado, un anaco lumiñosa da historia de Galiza, que reflexa a valentía e diñidade da nosa raza; da raza celta. ¡Non hai cousa mais fermosa e conmovedora c-o erguimento d'un pobo escravizado que loita pra conquistar a liberdade!

Mais nós, de frente o problema actual de Galiza, non pensamos que sexa preciso coller as armas guerreiras pra arrecadar os nosos dereitos, buscamos sementes, os vieiros do razonamento. Trocamol-as armas fraticidas pol-a pluma; que é a verdadeira arma de combate dos tempos novos.

Relembremos o pasar canto nos doi, canto nos firen no fondo sensible da alma, as apreciacións dos galegos que ficam pechados as conviccións de manter o sistema de goberno centralista, deixando entrever un verdadeiro ateigamento de patriotismo hespañolista; namentras nosos irmans do agro e da ribeira—que son o cerne da economía galega—mórrense de fame: Fame de pan e fame de xusticia.

Nos non somos patriotas no senso estreito e mezquino da eisprección; aligárquico, imperialista, imperialistas e fascista, que desbotamos con rexa enerxía e con repudio. Patrea sin fronteiras (si fose posible); patrea de xusticia, de igualdade, d'amor, é a nosa. Mais temos o convencimento que non se pode choutar por enriba da realidade e trocar a contestura d'un pobo dun día pro outro, vencendo ese forte encadenamento d'intrés, tecido pol-os homes. En toda execución hai sempre un intre, ou e mester qu'o haixa, de xestación, de preparación, que se vai forxando e adaitando na conciencia do pobo, no percorrer do tempo, pra que a obra non sexa unha improvisación.

Aí, esperta, adourada Galiza,
d'ese sono en que estás debrozada,
do teu rico porvir a alborada
pol-o ceo enxergándose vai.

ASON.

HIMNO GALEGO

Que día os rumorosos
No coito verdecente
O trazo transparente
Do p'acido luar
Que día as albas copas
D'escuro prume arpado,
Co seu ben compasado
Monótono fungar.

—De teu verdor blinguido
Et de benignos astros
Contín dos verdes castros
E valeroso elán,
Nos des a esquecemento,
Da luxuria o rudo encono;
Desperta do teu sono,
Fogar de Breogán.

Os bós e xenerosos
A nosa voz entenden
E con arrebo atenden
O noso vooce son;
Mais, os os ignorantes
E fíridos e duros,
Inibéciles e escuros,
No nos entenden non.

Os tempos son chegados,
Dós bardos das candeas
Quas vosas vaguedades
Cumprido fin terán;
Pois donde quer alcante
A nosa voz pregon,
A redezón da bón,
Nazón de Breogán.

EDUARDO PONDAL

O senso da patria

Nos, os galegos non temos a alma atuada p'or ningunha rutina patrioteira; pero temos un sentimento natural e humano da Patria, e para nos a Patria, e a Terra que nos deu o ser.

A Patria é a Terra farturenta que nos da o pan e o viño, que sostén os nosos fogares, que cría fröres nos campos para regalía dos ollos, e albres para que canten os paxaros.

A patria é a Terra maceirada de tanto parir, que nos dou a vida que nos mantén e que nos recolle na morte como semente de novas criaturas.

A Patria é a Terra fecunda, donde xerminan os egados da tradición que nos dará continuidade na historia, o corpo incorruptible donde encarnou a i-alma atromentada da raza.

A Patria é a Terra creadora, fonte da gran forza da vida.

A Patria é o rechouchio dos paxaros, o canturreo dos grilos, o murmúrio das xugas e o zocar do vento.

A Patria é a sombra fresca dos castiñeiros no vran e a quentura garimosa do fogar no inverno.

A Patria é a inqueda das sementeiras e a ledicia das colleitas.

A Patria é o fungar do vento nas ponlas secas dos carballedos e esborrafar das ondas do mar nos cons da ribeira; a cántiga misteírosa dos piñeiros e o runxido do mar no sareales.

A Patria é o arco da vella, o luar e a noite estrelecida.

A Patria é o sentimento que nos fai fillos da Terra para recibir o seu zume criador de lirismos. Por iso entristecemos no outono, choramos no inverno, sorrímos na primavera e rímos no vran. Por-

que estamos feitos a semellanza da Terra: a nosa carne é terra, os nosos hosos pedra, e o sanete son os rios e os regatos.

A Patria é a Terra nai, a Deus perdurable e xenerosa, porque como di Pascal, primeiro nos cantaremos nós de pedirles que ela de darnos.

Esta é a Patria verdadeira, a Patria única que hoxe festexamos. Eu non sei de mais Patria, e o galego que non a sinta e un home moralmente imperfecto.

No tempo de Rosalía, a Patria era un sentimento en continua saudade, unha tristura crepuscular, o planío por unha ilusión morta, a espranza entristecida de tanto esperar. Galiza era unha i-alma en pena que vagaba pol-o inferno frío dos camiños, enchendo de salongos as notes xiadas do inverno; era a negra sombra desterrada. A nosa i-alma, com'a dos xudeos, agardaba o miragre da resurrección, para reencarnar n'un copo sán e robusto, para renasce e vivir baixo a luz do sol.

Pero a saudade dos tempos de Rosalía queimouse na fogueira dos nosos entusiasmos, e xa non choramos o pasado; cantamos o porvir porque a i-alma da Raza reencarnou na Terra e a nosa Patria recobrou a súa personalidade, e quer esteriorizala en forma de Estado. Pero non par afecharse en fronteiras, sinon para desatralcar o camiño de Europa, aquel camiño branco de estrelas que unía a Galiza o resto do mundo civilizado, no tempo lonxanto dos Cancioeiros e do Pórtico da Gloria, cando nós non eramos mais que galegos.

¡Cando non eramos mais que galegos!

CASTELAO.

Loitemos pois, de cotío, sin repouso, c-o maior adicamento, pra erguel-a conciencia cívica do noso pobo, levando por guieiro a tócha lumiñosa da sabedencia; o xeito dos nosos proxenitores, que facían fogueiras nos montes virxes, pra espantar os lobos, que rondaban os seus eidos, e puñan en peligro as súas vidas.

O Goberno e Galiza

Pr'os que, aínda alonxados da Terra, es seus problemas siguen sendo a nosa preocupación, non podemos, nesta hora de incertidumbre en que se debate a península, deixar de ocuparnos sobor do resultado que iste terá pra Galicia.

Si o goberno de Lerroux consiguere domeñar materialmente — non espiritualmente pois o espírito non se domeña con cañós e con isa escoria de mundo qu'é a Lexión Eistranxeira — o movemento de liberdade c'o pobo hespañol, ise mesmo pobo que fai tres anos trouxo a República, quixo vere trunfante enfrentándose c'os cañós do exército, o porvir de Galicia será escuro. Decimos será escuro porque, c'o trunfo de conxunción Lerroux-Gil Robles-Martínez Velasco, as nosas anseas de que Galicia conquira a personalidade c'a bestórea lle otorga e os patrioteiros d'esta tristeira conxunción lle negan, as liberdades de pobo galego sufrirán un estancamento. Vexamos por qué.

Pol-a traizón dese vello ambeceoso que e Don Alexandro Lerroux, ascenderon o podere os máis acérrimos enemigos das autonomías. Ises homes c'a índia oxe non-os dixeron si son ou non republicáns, gañaron a maoría das bancas facendo unha campaña contr'as autonomías e arrexuntados c'os partidíños monárquicos

que aínda quedan e que,, como sabe o leitor, tiveronnos sempre coma escravos. No mesmo senso, sin pregoalo, marchou contr'as autonomías o partido de Lerroux. Uns e outros, levantado como bandeira de combate aquilo de "la unidad española", seguiron un mesmo vieiro c'os levou a gozar dunhas posiciós que nin en votos nin en méritos gañaron. Xa no goberno ¡que podemos esperar d'eles os "bós e xenerosos", como dixera o inmortal Pondal, ¡que queremos pr'a nosa terra un porvir de florecemento na economía, na sua arte, na sua cultura etc.? Ei o problema que agora se nos presenta, e que cumpre prostarlle moita atención.

Temos de labourar os galegos emigrados en favore das liberdades que, a bon seguro, se nos negarán. Pra elo, e mester que nos arrexuntemos todos, sin distenzón de credos e partidismos, e axudemos os irmans que na Terra loitan por conquistar unha Galicia nosa e pr'a humanidade. O feito de non vivir aló non-os eiscruie de tomare parte na cruzade de redenzón de noso pobo na que poñen a sua sabencia e hastr'a sua seguridade persoal, os máis meirantes homes da nosa sempre ben querida Galicia. Ei a nosa sagrada obriga.

¡Saude Irmans!

O Irmandino sauda c-o maor legas do Uruguay e fai afervoa-agarimo a total-as Institucións Gados votos de confraternidade e amizade mútua na loita pal-a defensa dos intréses da nosa coledividade e da nosa Terra; deseándolle a total-as entidades irmans o meirande engradecimento e os milliores eisitos na sua laboura pra honra de Galiza e dos gallegos.

¡¡Terra a nosa!!

Galegos...

Pol-as informacións que nos chegan da NAI TERRA enteirámonos de que a editorial "NOS", de non prestarlle axuda sin pérda de tempo, terá que trancar-as portas da imprenta, despois de longa e inqueda laboura en col das letras galegas.

Os galegos do mundo enteiro teñen-a obriga de facer un esforzo, e hastra un sacrificio, pra que non se peche co-a chave da morte esa porta que tivo a virtude de intensificar o contaio espiritual entre todol'os galegos.

A IRMANDADE GALEGUISTA xa deu o primeiro paso n'ese senso, adiantándose a movemento

de simpatía e proteición a devandita editorial que se está espallando por toda Galiza. Eisi foi que nos mes de Setembro derradeiro mandoulle un xiro o señor Anxel Casal pra que lle remita libros galegos que chegarán axiña a esta cidade. Mais non se manterá queda a IRMANDADE c-o feito, frente a seriedade da situación por que atravesa "NOS", e está disposta a prestarlle a axuda que lle permitan as suas forzas. Pregámoslle pois, a todol-os asociados o as galegos en xeneral que percuren secunidar a laboura de IRMANDADE, mercando libros galegos.

Contribuindo dese xeito a afianzar a estabilidade de "NOS" con quen todos temos unha déveda de gratitude pol-a sua xestión en col do ciscamento de cultura e das costumes galegas.

A muller galega

NA IRMANDADE G. DE U. teñen os mesmos dereitos as mulleres c-os homes. N'esta entidade a democracia non é teoría, é realidade; os Estatutos Sociaes fixan igualdade de dereitos. Si vos tede, paisana, se lembra de lonxana terriña pense que a IRMANDADE e un anaquiño d'ela. — FAGASE SOCIA.

Homaxe a Villar Ponte



No cidade de Viveiro; n'ese fermoso xardín, que é como unha sonrisa de Galiza espallada o carón do Cantábrico, fixéronlle un agarismos homaxe a don Antón Villar Ponte. — ¿Motivo?... Os hames como Villar Ponte tiñen na alma de toda Galiza un motivo eterno pra agasallal-os, pra admirar-os e pra querel-os. — Por iso o devandito homaxe, a pesar do caraiter localista con que foi orgaizado, adquiriu outa trascendencia na galeguidade do mundo enteiro. — A IRMANDADE galeguista prégase a homaxe feito a Villar Ponte, con afervoadá admiración e co-a mais tenra simpatía.

A Editorial "Nos"

A batelada d'alarma dada por Alvaro de las Casas respecto d'editorial "NOS", responderon como un só home, o mais representativo da nova Galiza, e ollamos eisi os nomes de Castelao, Otero Pedrayo, Xoan Carballeira, Alvarez Gallego, Villar Ponte, etc.; cisca-dos bol-os xornaes galegos estreitando forzas, pra salvar a "NOS" Esa solidariedade dos novos homes de Galiza, pra defender as causas xustas, échenos de satisfacción e d' alento. Damos publicidade a artigo de Villar Ponte, que abonda a sua prestixiosa firma pra decatarse da importancia do movemento sinalado.

Suxerimientos que ofrezo os mob'es preocupados

Inda que no toque de crarin de Alvaro das Casas non sonase unha chamada para min, eu habería de falar no preito da Editorial "Nós".

Hai que facer algo serio c'o ouxeto de salvar da morte esta necesaria institución galega. Pensémolo ben todos. Pero señamos prácticos.

O primeiro a facer sería unhas estadísticas craras sobre dos libros imprentados por Anxel Casal que máis saída tiveron, e sobre a capacidade adquisitiva de libros galegos que hai hoxe na no-

sa terra. Isto probaríanos duos cousas: o gusto do público e as suas preferencias literarias, e si as obras de maor ou menor custe son as que mais se venden. Base imprescindible para calquer negocio editorial.

Tamén cumpriría sabermos si con propaganda de maor intensidade na Prensa e n'outras partes a venda de obras sería mais considerabel. Porque a propaganda é o primeiro. Poucos xornaes de Galicia faloron dos nosos libros e dos de fora case ningún.

¿Convén, por outra parte, lanzar ó mercado catro libros, com'o que se lanzaron derrodeiramente estes derradeiros tempos, sobre todo sendo tres d'eles de prezo respetabel? Eses mesmos libros si houbesen levado cand'a si unha gacetilla "de chinchín", imprentada co'a súplica de que se lle dera publicidade, ¿non sería en moitos xornaes galegos preguizosos para facer nada de conta propia? Tal costume teñen tódal-as editoriaes hespañolas.

Pois a esta propaganda direita hai que engadir outra que compre iniciar de contado. A de conferencias bibliográficas en tódal-as cidades e recunchos da nosa terra, cada vez que saia un libro galego d'algún merecemento. A de facer unha Exposición d'o libro enxebre nas primeiras urbes do país. Sin das indireitas que ó galeguismo político l'interesa tamén moito: a de organizar cadros de declamación galegos. A nosa lingua asir espaxexerá e todos irán acostumándose a ela. Hai que crear a barraca teatral galega, que amén d'estimular os autores a esbrietadora de propaganda dos libros enxebres. E ¿qué millor tareya poden emprenderen as mocidades galeguistas? Política e arte asin

A estudalo todo e a intentalo todo. E si con todo fracasásemos sempre, esperanza sempre, e a nos darnos nunca por vencidos. A vontade ó servicio d'unha boa causa en ningures sofriu derrota.

Para canto se intente eu estarei disposto como decote. Na xuntanza de Compostela a miña presenza feita axuda non ha faltar.

Non fora unha verdadeira obra patriótica a que anda en preito co meu fraterno agarimo para Anxel Casal levaríame a calquer sacrificio. Logo, todos os bos e xenerosos a salváremos o que é preciso salvar.

A chamada rexa da galeguidade sigue escoando. Nas fias de combate tamén eu, pódome firme, berro: ¡presente!

A. Villar Ponte.

GASTE BEN O DINEIRO, MER-
QUE LIBROS GALEGOS

Fuchicadas

Son varios os Auntamentos de Galiza que foron embargados pol-a Delagación da Facenda debido a falla de cumprimento dos compromisos que con ela teñen. É sabido que os Auntamentos están obrigados a facer aportacións municipais forzosas que importan moitos milleiros de pesetas o ano. Agora a Diputación da provincia, ou o Delegado da Facenda, que todos son uns tales e tan bos, piden o embargamento d'un tanto por cento das rentas do municipio pra se ire cobrando das deudas atrasadas. ¿Non sería comenente que se fixese unha boa fiscalización pra ver de que xeito esas corporacións inverten os diñeiros que lles sacan o pobo?, posto que eles cobrar cobran de contado, e cando se atrasan nos pagamentos axiña lle mandan o alguacil c-o cedulón, que lle fai abanear os dentes a quen loita noite e día pra soste iso, que deron en lle chamar goberno.

A deuda dos municipios galegos aparés engrosada c-o imposto que lle zamparon pra disposición de Sevilla. Isto, os galegos, failles tanta gracia, como si os fixeran contribuir c'unha cantidade de pesetas pro Congreso Eucarístico celebrado en Bós Aires, ou pro túnel que queren construír no canal da Mancha.

Son belezas do centralismo, que só se lembra dos galegos cando ten que sacarles cartos; por iso nos doi moito, pero moito, cando atopamos un galego, que sin saber rén das cousas galegas, defende con aferboada patreotería o centralismo. Ese hábito, quedalle ben

aqueles que lles corre o pringue pol-as barbas abaixo, porque manda mais n'eles o estómago que o cerebro, mais a un galego ceibe d-esas cativeces sectarias, non.

Despois de catro séculos de dominación castelán, o idioma galego manténse cada vegada mais puxante. O mesmo no agro que na ribeira, fálase somentes galego.

Cousa que tiña que ter en conta o centralismo, cando nos manda pra Galiza Gobernadores, Xueces, Reitores, mestres d'escola, etc., castelans, pra tratar con un pobo que non nos entende, e que menos entenden eles a pobo. ¡Así nos gobernan! ¡Así é a xusticia que disfrutamos! ¡Así é o ensino que acadan os pequenos galegos!

Unha ves estaba eu tras d-un paleiro escoitando un vello dos do socairo que estaba tomando o Sol. E como esta crás de vellos que non fan nada teñen que entreterse decindo algo anque non sea tamén nada, ocorreuselle de falar d-un bote que iba en vela; e díxome si mal no me acordo que pra o bote ganar mais camiño tiña que timonel incrina o timón pra esquerda, pero non de todo porque sinon daba volta. Eu como vello tamen creo que pra que o noso pobo vaia pra diante tén que incrina o timón pra esquerda, de maneira que chegue mais pronto o seu destino, pero tamén penso que si o timón se incrina de todo corre o peligro de tumbar é si o incrina pra dereita, xa sabemos todos que non agaña vento a vela.

“PENEIRANDO”

O goberno d'Hespaña vaille facer a Galicia un verdadeiro presente grego. Consiste il, n'a creación d'unha “colonia de vagos” na isla d' Cortegada. Isto é unha verdadeira ironía, que a un país como é a nosa Terra, de xente traballadora, a convirtan no cinzeiro d'Hespaña, mandándonos toda a escoria que largan as grandes urbes como Madrí, que, a metá da poboación, vive do presupuesto do Estado, do que Galicia e o máis forte contrebente, e a outra metá, son golfos, os que mandarán pra fermosa ría d'Arosa, pra que os sigamos mantendo... Xa estamos vendó os presidentes d'moitas “pseudo” sociedades galegas, mandandolle un telegrama d'felicitación o goberno d'Hespaña, “por tan feliz iniciativa”.

Fai pouco, debatíase no parlamento hespañol, o reparto do millo. Importado, era tan pequena a parte que lle daban a Galicia, que un deputado, tivo o astrevemento de

decir-lle o subsegretario de Agricultura, que asistía a seisión das cortes n'ausencia do ministro, que era moi pouco millo e non alcanzaba pra's necesidades d'Galicia. Ben, sabedes o que lle contestou? “Si no les alcanza, que coman cebada”...

Este, tamen merecía outro telegrama...

Baskos e Catalans, votan pra deputados os representantes do verdadeiro sentir nazonalista, sexan eles católicos, ou liberales, no parlamento, antes que nada, son baskos, ou catalans eses representantes defenden os intereses de quen'os votou, co'a sua vida, se é perciso. Os galegos votaron a Calvo Sotelo, lugartenente do ‘Curman de Riveira’, o Emiliano, de triste recordazón, e o comediante Honorio Maura, que, pra conseguir a aita de deputado, nontivo mais traballo que facer un viaxe dende Madrí a Pontevedra. ¿Cando se acabará este estado de cosas?

As mocedades galeguistas

Surxeu na nosa terra súbitamente e cando moitos galegos no esperaban, eses grupos de mocedades galeguistas que chegaron a tempo pra formar un partido sin mais nome que o deles mesmos; e decí nome que simboliza a xuventude galega, porque o decí galeguista non significa un partido político tradicional. Nada de eso; o galeguismo é algo mui superior aos vellos partidos profesionales da política picada do berme, pois él é o que interpreta o sentimento e a necesidades do noso pobo cuí fins responden en todo e por todo a Galiza. E para que ese galeguismo tivera mais forza formáronse n-el as mocedades galegas cal soldados sin armas pra matar, pero que levan o fogo na ialma e as armas no seu espírito xuvenil para esgrimilas aon tempo e cantar en lugar da marcha guerreira o himno xigante do noso pobo.

Cando as xuventudes se erguen na loita, tembra-os vellos porque non queren desprenderse dos seus

leminios e deixal-os seus prexuícios.

Galiza rexurde novamente aos ollos do mundo cos seus raios craros do sol refulxente da libértá, pra decírlle aos que non queiran darlle o valimento que merece, que ali hai un pobo con ansias de redimirse; e de ser dono ausoluto dos seus destinos.

Oxe Galiza desperta do seu sono pra dar seu exemplo de rebeldía, porque nela hai xente nova que loita con desinterés e patriotismo. Nunca se é vello cando se é útil, por eso aos que crean que a nosa é un pobo vello, trabúcase en todo o sentido da verba.

A xente que compón un Partido Galeguista, e xente escollida; é a frol de Galiza e a lus do galeguismo pra marcar novos vieiros e conseguir pra nosa patrea tod-as melloras porque veñen loitando.

E cando no medio desa xente hai un berro das mocedades, humíllanse os cobardes e fúxen-os treidores.

Morreu S. Ramón y Cajal

A sabencia do mundo enteiro está de loito pol-a morte de tan outa persoalidades centifica.

Foi a vida de don Sant-yago Ramón y Cajal un verdadeiro apostolado; pol-a adicazón afervoada e sin rebousos con que serviu os intréses humans. Por iso, poucas veces como n'iste caso, pode se decí que a humanidade de todo o universo sofre unha verdadeira perda co-a morte de tan esgrevio mestre.

Naceu don S. Ramón y Cajal en Petilla de Aragón, pequeno pobo de Navarra, o día dos traballadores, do ano 1852, e foi eísi, a sua eistencia, a xeito d'un longo homaxe o traballo, o estudo e a sabedencia.

A Irmandade Galeguista, c-o dor mais forte, rinde respeituo e agarimoso homaxe o ilustre morto. honra e orgullo da especie humana.

Cando os mortos resuciten os “calados” falarán

Pregamolles o distinto leutor non interprete de mala maneira as verbas que nos sirven de epigrafe; pero verdadeiramente é algo que nos interesa aos galegos: non cos mortos resuciten, sinon que os “calados” falen.

Como son ben coñecidos non é mester nomealos; mais si algún leutor non soupera que son, vámosllo a decí sempre que non trabuque a palabra e que non llo diga a ningún... Son os nosos deputados que asisten calados as Cortes... Pero esto é como din as vellas: De min pra vos...

¿Mouros en Asturias?

Un telegrama aparecido na “Nación” de Bos Aires, da conta de que se atopa na rexión asturiana o Corpo de Regulares de África, combatindo contra os revolucionarios. De ser certa a información devandita chegaríamos a conclusión de que o goberno de Lerroux pediu un exército de mouros pra matar os hespañoles; xa que o Corpo de Regulares está constituído casi samente por mouros. Non outra causa se pode esperar dun goberno que por darse a satisfacción particular de mandar, convertiu an nazón nun mar de sangue e comprometeu a mesma vida do réximen republicán.

Deber dos galegos

A IRMANDADE G. DE U. é a entidade que defende os outos vaores galegos con san patriotismo. A sua labourea é obra de cultura e de fraternidade. Facése socio da IRMANDADE é obriga de todol-os galegos que se intrésan pol-os prestixios da sua raza.

Libros a venda

Veñen xa en viaxe unha grande cantidade de libros en galego, dos milllores escritores da nosa terra, qu'a Irmandade cederá a todol-os que queiran adequerir-os o precio do coste.

A Istitución no nos fai vir pra negociar n'eles; senón pra percurar espallar o mais posible a cultura gallega, d'a cordo c-o seu programa d'aición.

Dous problemas

Veleiquei os dous problemas que encerran toda a economía do mundo e que xiran en torno das todas as actividades sociais, políticas e económicas: a terra e o mar; dúas fontes da riqueza dos pobos. Quédalle soamente pras cidades o mecánico rol do selo motor dirixente que mercantiliza con mesmos elementos produtivos.

Agora ben; a terra e o mar diríanmos que son os dous extremos, mais supoñendo que estos se choquen, tal coma cencía filosófica a prantea e por outro lado seguindo a realidade dos elementos, chegamos a conclusión de que estes dous problemas non e mais que un. E decir; que a produción da terra téñ que valerse do mar pra que esta sexa mercantilizada. O mesmo tempo que a produción do mar encerra da mesma forma o idéntico problema.

Pra ser claros e lixeiros, trataremos de esispoñer o tema tomando como preferida base o noso pobo, pensando soamente nel, porque é exclusivamente nos interesa pro caso.

Galiza por características xeográficas é a rexión de hespania que debería ter estes dous importantes problemas xa resoltos. O Goberno Central, tomando en conta por exemplo, qu'as provincias da Cruña e de Pontevedra, pol-a súa situación atlántica ocupan o segundo posto no movemento marítimo terían que estar os seus principais portos de mar, doutados de muelles e portos de abrigo como se alcontran outros que non teñen nin tanta importancia pol-o movemento nin tanta necesidade pol-a súa situación.

Sin ir mais lonxe faremos resaltar o porto de Vigo, que sendo este o de mais movemento de Galiza e o segundo de hespania, oxe coma onte os grandes trasatlánticos deixan caí-la súa ancla na badía, e alí está un porto casi morto cando debería ter tanta vida. Si esta Capital conserva aínda o segundo posto entre todos os hespaníes é precisamente pol-a obrigación forzosa de todos os buques que nel deben facer escala pra tomar ou deixar pasaxeiros; pero non pol-a organización e o atractivo que debe ter un porto de tal categoría.

Vigo, foi, é e será namentras qu'o estado económico de Galiza non cambie radicalmente, e o seu muelle non se acabe de facer, unha cidade de tránsito pra os pasaxeiros, pois a pesar da importancia da pesca e os pequenos barcos de carga, non chegará a selo que tería que ser namentras que esas obras non sexan acabadas. Pero pra eso fai falla moitos millóns de pesetas que ademais terían que empregarlas na construción de depósitos pras cargas e descargas de todas as líneas que alí fixesen escala.

Asimesmo todos os pequenos portos das rías de Galiza, alcontrase na mesma situación; e que sofren as causas deste atraso os pescadores, pois eles son (nos referimos aos pescadores galegos) os que producen mais pro Estado, posto que senda Galiza a vigésima parte do territorio hespaniol a súa pesca é a terceira parte do total d-esta fauna en Hespania.

Ben deixan ver estas e outras cifras comparada o que é Galiza no tocante o total da economía hespaniola. Pero esto nunca o tiveron presente os políticos de Madrid, nomentras que votan grades sumas de pesetas pra obras públicas sin tanta importancia, como ser pra Tenerife, Galiza vive obrigada aos seus caprichos políticos. Galiza pra rexurdir da miseria en que a téñ o Centralismo, debe encauzar por

so sólo a súa economía. Non ostante aínda hai galegos que teñen orgullo de ser hespaníes!

Si molta importancia téñ o problema do mar, n-este caso que tratamos, téñ moito mais o da terra, pois os elementos d-esta son de mais importancia en valor e en número; pero sintéticamente podemos afirmar qu'o de mais intrín en canto a relación que téñ co mar, son os transportes terrestres; pol-a falta de vía férreas e de outros medeos de locomoción. Hastra n-esto somos menos qu'as demais relacións, cando teríamos que sel-os mais ou pol-o menos o mesmo.

Temos especial intrín en dar a coñecer con estadísticas toda principal economía galega; e por outro lado, todo que precisaría esta pra engrandecer aquela. En todos os rexións da produción galega observamos con certa cras de indignación as cifras exorbitantes comparada cas demais rexións e por outra parte a inferioridad de toda cras de melloras; tanto nos transportes, como nos portos de mar; o mesmo na enseñanza, como en toda protección do Estado.

Un d'estes principais problemas é o do ferrocarril; esto é algo que chega o extremo de dar vergonza. Mais a vergonza debería dala os que forma parte do Goberno opresor dos pobos que piden a súa libértá.

Galiza téñ soamente 603 kilómetros de vías férreas en explotación, dando coma resultado duos kilómetros por cada cen de estensión; namentras o resto de Hespania téñ 4, Cataluña 8, sendo igualmente estas últimas cifras inferiores as que teñen as principais naciones europeas.

Resumindo o dito: Por falta de protección do Estado, os portos de mar de Galiza non teñen mais movemento, deixando así que a economía galega perda moitos millóns de pesetas anuaes. E pol-a parte da terra os poucos medios de transportes non permiten que as exportacións de Galiza poidan chegar aos diversos puntos da Península en forma mais barata. Finalmente este mesmo atraso séntese de maneira a economía galega o ter que importar o millo e outras productos que transportados a Galicia llegan cargados de impostos, gravitando d-este xeito o total das ganancias costando pol-o tanto o consumidor moito mais do que debería de costar.

En canto Galiza non teña a súa autonomía non quedarán resoltos estos problemas, e namentras esto non sexa un feito, proseguiremos na nosa loita.

A biblioteca da Irmandade

En cumprimento do preceptivo dos pol-os Estatutos Sociais, a Sección de propaganda d-esta entidade, traballa activamente na organización d'unha biblioteca de libros que traten de Galiza e de libros en galego. Eisí os nosos asociados, dentro de pouco tempo, atoparán na biblioteca social obxectos de lectura en que pasar o tempo deleitosamente. E d'abondo sabido que lendo un bó libro sempre se aproveita ben o tempo, e con mais razón si ese libro nos trae lembranzas da lonxana terra.

De tantas caídas vanse a quedar no chau

Decimos n-outro lugar desta folia que soamente nos interesan os problemas de Galiza; pero mais abaixo tamén queda dito que debemos sacarlle a careta a quen ande ca cara o sol.

Desde logo que si o nosa loita a dedicamos exclusivamente a Galiza, debemos pol-o tanto combater todos aqueles elementos que ataquen aos nosos principios.

Pois ben desde que temos a República caeron mais de media ducia de gabinetes; e pra desgracia dele a súa maioría son os mesmos que negan a nosa autonomía. ¡Vaya exemplo que nos dan! Queren aguatal-a a unidá hespaniola e nin des son quens de aguantarse n-un sillón...

A nos parécenos que si siguen caendo os mesmos tantas veces, n-unha delas vanse a quedar no chau...

A galíña dos ovos de ouro

Foi sempre Galiza a rexión hespaniola mais asoballada pol-os gobernos centraístas. Eso xa non debíamos decilo porque non facemos mais que repetir, posto que todos os galegos sentímolo en carne propea. Pero o que debemos recalcar e aquela famosa cifra do cinco e do doce por cento. Non se moleste o leutor en aprendel-a regra de intrín, pois non é pra sacar ningunha conta. Si algo queremos decir con eso é que sendo Galiza o cinco por cento do territorio hespaniol a súa produción agrícola ascende a doce por cento. Edecir, que a produción total da agricultura galega pasa de mil millóns de pesetas anuaes, namentras que a de toda hespania e de nove mil millóns (decimol-o en letras pra que se entenda ben).

Esto non é soamente a riqueza de Galiza, temos outras industrias que lle siguen no valor e que ben poden demostrar o que é Galiza tocante o total da economía hespaniola.

Según estadísticas oficiais a nosa pesca aporta un valor de cento dous millóns de pesetas anuaes, namentras que en toda hespania o total desta fauna é d-un valor aproximado de trescentos cincuenta millóns de pesetas. E decir: a pesca galega equivale casi a terceira parte do total da pesca hespaniola. Sin contar a riqueza forestal, a gandería e a riqueza mineira que xunta con todo o que se concerne a economía galega irá mole tratando pouco a pouco pra que sirvan de motivos porque nos reclamamos a Autonomía pra Galiza.

Deste xeito razón teñen os políticos centraístas en negarnos a

nosa libértá económica e política; e mais razón aínda teñen os mesmos "galegos patriotas" en chamarnos tolos aos que reclamamos tan lóxicos e merecidos dereitos; porque si galíña voa cas súas alas da libértá, ¿quén vai a poñel-os ovos?...

O Mayo

Aquí ven o mayo

De frores cuberto...

Puxéronse á porta
Cantándome os nenos;
Y-os puchos furados
Pra min estendendo,
Pedíronme crocas
D'os meus castiñeiros.

Pasai, rapaciños,
Calados e quedos;
Q' o qu' é pol-o d' hoxe
Que darvos non teño.
Eu sónvolo probe
D'o povo gallego:
Pra min non hai mayo,
¡Pra min sempre é inverno!...

Cand' eu m' atopare
De donos liberto
Y-o pan non me quiten
Trabucos e préstemos,
E com' os d'o abade
Frorezan meus éidos,
Chegado habrá estonces
O mayo q' eu quero.

Querédes castañas
D'os meus castiñeiros?...
Cantádeme un mayo
Sin bruxas nin demos:
Un mayo sin segas,
Usuras, nin preitos,
Sin quintas nin portas,
Nin foros, nin cregos,

Curros Enríquez

Sola

Sóla!... tan sóla cando todos antes
Tras d' ela viñan con lascivo ollar
D'os seus beizos purísimos y-amantes
A virxinal surrisa por buscar.

Tan sóla... cando todo parecía
Un concerto inmortal d'ela arredor;
Unha celest' e branda sinfonía
De garruleiros páxaros d' amor!

Morrer n'o fogo d'a ilusión primeira,
N'esa mañan azul d'a mocedá!...
Ver nacer unha flor n'a primavera
E vela morta pol-o outono xa!...

Aí! Será a morte nada máis q' un sono?
Tras d'o outono d'a vida que hai pra
[nos?
Colombo topa un mundo n'un outono...
¿Quén tan dichoso que tomase a
[Dios!

CURROS ENRÍQUEZ